

Outubro

Xanela



BQXN

Boletín informativo mensual do Concello de Boqueixón

Publicación gratuita | Outubro 2025 | Nº. 88 | www.boqueixon.gal

IMPRESO SIN DIRECCIÓN	
ESPAÑA	FRANQUEO PAGADO
	Aut. n.º 150.493

A Xunta fará unha nova senda peonil na AC-960 entre Sergude e Rodiño

As obras licitaranse en 2026 e suporán un investimento de case 750.000 euros

A Xunta executará unha nova senda peonil na estrada AC-960 entre Sergude e Rodiño, que suporá un investimento de case 750.000 euros. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, e o alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, deron conta desta nova actuación, cuxo proxecto se redactará en outono para poder licitar as obras no 2026 e logo executálas.

Trátase dun novo itinerario cunha lonxitude de 1,3 km que comunicará Sergude e Rodiño ao longo da estrada autonómica AC-960, reforzando a seguridade dos usuarios máis vulnerables das vías, é dicir, os peóns e ciclistas. Ovidio Rodeiro destacou que "este tramo intermedio parte do Viaducto ata o Cruce de Lamas, dende Outeiro a Rodiño. Un camiño que enlazará cunha senda que está a facer o Concello pola estrada do Aeroporto hacia a parroquia de Vigo. O resultado será unha senda moi potente nunha das parroquias más



Visita da conselleira de Vivenda á zona que acollerá a nova senda peonil

cercanas a Santiago. Ademais este tramo responde a unha vella demanda dos

veciños da zona, que precisamente por elo hoxe nos acompañan aquí".

Esta intervención súmase a outros tramos de sendas que a Xunta de Galicia xa executou nesta mesma estrada AC-960, ao longo de 1,8 quilómetros, no treito que une A Susana-Polígono industrial-A Eirexe e completará así unha senda de 5 km entre o polígono industrial ata a escola unitaria de Sergude.

Unhas actuacións enmarcadas no Plan de Sendas de Galicia, que permitiu construír máis de 300 quilómetros de itinerarios seguros e sostibles nas marxes das vías autonómicas en toda a comunidade.

Nova senda por 345.000 euros

O Equipo de Goberno reuniuse coa veciñanza de Cachosenande (Lesedo) para presentarelles unha nova senda peonil entre Milleirós, Cachosenande e Rubial, que suporá un investimento de 345.000 euros.



CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

24 set / 05 out

CODESO-DONAS

Campo da festa

06 out / 26 out

OURAL-POUSADA-SUCIRA

Casa da Cultura

27 out / 08 nov

LEDESMA

Campo da festa



O Club de Maiores abrirá o ciclo de teatro "BocAberta"

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá no mes de novembro o ciclo de teatro "BocAberta", con sesións os domingos, ás 17:30 h, de acceso libre e de balde. Abrirá o ciclo o Club de Maiores de Boqueixón con "Asuntos escuros" (9 nov). Completan o cartel o grupo municipal de teatro de Ribeira con "Criaturas" (16 nov), Licor Café Teatro de Cabanas con "Oculista da vista" e "Ollo por ollo e gato por lebre" (23 nov) e o grupo de teatro de maiores do centro social de Vedra con "O latricar de Vedra" (30 nov).

Axudas a grupos e entidades de música tradicional

O Concello convoca "Ponle música 2025", unha iniciativa dirixida a entidades e grupos de música tradicional de Boqueixón que ten como obxectivo contribuír á difusión e á promoción da música e do folclore local. O Concello destina 4.500 euros e o prazo de presentación está aberto ata o 10 de outubro na Sede Electrónica Municipal.

As axudas financiarán actuacións de música e/ou baile tradicional nas distintas festas e eventos que se organicen no municipio do 1 de xaneiro ao 15 de novembro de 2025, e sempre que non sexan organizadas polo Concello. Poden pedir ata un máximo de 375 € por actuación, ata un máximo de 5, sempre que sexan en distintas parroquias.



O Concello inicia as obras de mellora da Casa da Cultura de Camporrapado

O Concello vén de iniciar as obras de acondicionamento da Casa da Cultura de Camporrapado, uns traballo nos que inviste preto de 45.000€. As actuacións "permitirán ofrecer un espazo máis seguro, funcional e moderno para toda a veciñanza", adianta o alcalde, Ovidio Rodeiro Tato.

As obras inclúen a reparación da cuberta, a limpeza e o arranxo de canalóns e baixantes, para evitar filtracións de auga. Ademais, executarase un novo pavimento continuo e acústico sobre o escenario, reubicarse o trust de luces para mellorar o alumeadoo da escena e instalarase un proxector láser.



As obras de mellora da cuberta da casa da cultura xa deron comezo



Bolsas de estudo para Medicina ou Veterinaria

O Salón de Plenos acolleu a reunión dos integrantes da Fundación Pedro Pérez, durante a que se aprobou o orzamento e as subvencións a estudantes empadroados en Boqueixón que cursen estudos de Medicina ou Veterinaria.

Próximas actuacións en Boqueixón

O Concello vén de facer o acto de replanteo previo ao inicio de catro importantes actuacións que suporán un investimento de máis de 235.000 euros

Aparcamento público en Lestedo

Reducir o “efecto illa de calor” é un dos obxectivos das obras que o Concello vai acometer no aparcamento público emprazaado á entrada de Lestedo. Unha área de 780 m² moi empregada tanto pola veciñanza como por visitan-

tes e onde se vai cambiar o pavimento actual por outro permeable, mestura de formigón e céspede, cunha franxa lateral verde con exemplares de árbores autóctonas que contribuirán a dar sombra natural ao parking.



Aglomerado en Camporrapado

O Concello investirá 68.000 euros na mellora de varios camiños que rodean o polígono empresarial de Camporrapado. Uns viarios que suman unha lonxitude de 425 metros e nos que se reforzará a súa capa de rodaxe cun

aglomerado de cinco centímetros. E para maior seguridade dos camiñantes, construirase unha senda peonil de 1,8 metros de ancho. Finalmente, colocaranse arquetas e pozos de rexistro para recoller a auga da chuvia.

Mellora de camiños en Donas

O Concello vai arranxar o firme de dous camiños en Donas, nos que invertirá case 67.000 euros do Plan Camiña da Xunta. Así, no camiño de Donas a Engas, procederase a reparar as fochancas e aglomerar

o firme, ademais de anchar a pista e pintar a correspondente sinalización horizontal. No vario de Donas co límite de Vedra aplicarase un tratamento asfáltico e rego de selado a toda a estrada.



Maior confort en Lestedo

O Concello vai invertir case 50.000 euros na mellora da eficiencia enerxética do pavillón polideportivo de Lestedo, que inclúen a renovación da envolvente da instalacións así como a instalación de caldeiras

alimentadas por enerxías renovables. Uns traballos que mellorarán notablemente a comodidade da veciñanza e dos equipos deportivos que utilizan estas instalacións, que desfrutarán de maior confort e menos humidades.



Convocado un curso de inglés para adultos

O Concello de Boqueixón convoca un curso de inglés conversacional dirixido a persoas adultas. O curso desenvolverase no Forte todos os luns, en horario de 16:30 a 18:30 horas, entre os meses de outubro de 2025 e xuño de 2026.

Todas as persoas interesadas en participar ou en conseguiren máis información, deben dirixirse ao Departamento de Cultura: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.es.

O Concello renovará o local social de Lestedo para promover o uso veciñal

O Concello vai investir 45.000 euros na renovación e mellora do local social de Lestedo, un dos de maior actividade no municipio, en especial durante a celebración da Festa da Filloa de Lestedo, festa de interese turístico nacional que cada ano congrega a milleiros de persoas no municipio.

O alcalde, Ovidio Rocheiro, e o concelleiro de Facenda, José Manuel Iglesias, asistiron ao acto de replanteo dunhas obras “moi agardadas pola veciñanza”, destaca o alcalde, quen agarda que estes traballos “permitan revitalizar o uso comunitario deste local, ofrecendo un espazo más seguro, accesible e acolledor para todas as actividades sociais”.

Obras a realizar

De feito, o Concello de Boqueixón ten previsto actuacións nas dúas plan-



Acto de replanteo das obras de renovación do local social de Lestedo

tas do inmoble. Así, na planta baixa procederase a instalar un falso teito, que permitirá mellorar a insolarización dun local onde se adoitan celebrar moitas actividades, dende exposicións ata concorridos showcookings. A maiores, renovarase a fiestra principal, substituiranse as portas exteriores por outras de seguridade e con corta lumes, ademais de incor-

porar celosías decorativas na entrada.

Na planta superior cambiaránse as carpinterías deterioradas da fachada e colocarase un pavimento laminado e antiescorregadizo para evitar caídas debido á condensación que se procura tamén minimizar co cambio das carpinterías. Os traballos estarán rematados neste mes de outubro.



Obradoiro de filloas para Agadea e Prevención da Dependencia

A concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde, participou no obradoiro de filloa accesible impartido polo chef José Manuel Mallón e no que participaron persoas de Agadea Alzhéimer e do programa de Prevención da Dependencia de Boqueixón. Unha iniciativa organizada polo GDR Terras de Compostela en colaboración coa Asociación Festa da Filloa de Lestedo.



As Ínsulas de Gres acollen unha clase aberta de ioga na natureza

O Concello de Boqueixón e Agora Yoga organizaron unha clase aberta de ioga en Ponte Ledesma, impartida por Xus Raíndo. Unha iniciativa totalmente de balde na que as persoas que participaron disfrutaron dunha xornada de benestar na natureza.

A Xunta concede dúas novas casas do maior en Lamas e Camporrapado

Boqueixón terá dúas novas casas do maior nas parroquias de Oural e Lamas. Así llo confirmou o director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, ao alcalde, Ovidio Rodeiro, nunha visita á Casa da Cultura de Camporrapado, xa que o Concello autoriza a ocupación dun dos seus locais para acoller unha destas instalacións.

"Con estas dúas novas casas do maior, Boqueixón convértese nun dos municipios de Galicia con maior número de instalacións e prazas para atender aos nosos maiores e tamén dá resposta a unha demanda vecinal, pois estas instalacións fomentan non só a autonomía persoal dos nosos maiores senón que tamén se converten nun punto de encontro con persoas da súa mesma idade", explica Rodeiro Tato.

Poden acceder a estas



Visita ao local que acollerá a nova casa do maior en Camporrapado

casas persoas de máis de 60 anos, tendo preferencia as que teñan recoñecido grao I de Dependencia. Tanto o servizo como o desprazamento son de balde, financiados pola Consellería de Política Social. O xantar ten un prezo de 7 €. O horario de atención é diurno, de 8 horas de luns a venres. Os Servizos Sociais de Boqueixón encárganse da tramitación das solicitudes de prazas (981 513 106).

As casas do maior serán postas en marcha por 3 emprendedoras locais: Jessica Moreiro Acebedo e Jessica Lirio, coa "Casa Aloumiños" en Camporrapado; e Nerea Barreiro Ferreiro, en Outeiro (Lamas), onde acondicionará unha instalación para abrir "Fogar de Lamas". Boqueixón contará así con 20 prazas, xunto a "Lodeiro" (Loureda) e "Carabán" (Vigo), promovidas por Marta Renda e Beatriz Mella.

Axudas á natalidade e promoción do comercio local

O Concello de Boqueixón lembra que segue aberto o prazo de solicitude das axudas de ata 400 € por cada crianza nada, adoptada ou acollida ata o 31 de decembro de 2025. Esta achega ten un dobre obxectivo: axudar ás familias cos custos derivados do nacemento, acollida ou adopción de nenos e fomentar o comercio local, xa que o gasto debe realizarse en empresas radicadas no noso municipio. Como exemplo, en 2024 concedéronse axudas por 3.600€, que reverteron no noso comercio.

As solicitudes deben presentarse por vía electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello no prazo máximo de 15 días naturais contados desde o día seguinte ao nacemento, adopción ou acollemento. Máis info: boqueixon.gal.



Início dos programas de conciliación do Concello de Boqueixón

Un total de 33 familias participan este ano nos programas de conciliación familiar ofrecidos polo Concello, oito en Madruga Boqueixón e 25 en Tardes Educativas e de Lecer. En caso de precisar deste servizo de forma ocasional, contactar con cim@boqueixon.com.



Breixo Otero, convocado para o Campionato de España sub16

Breixo Otero Redondo, do Club Atletismo Millaraio, vén de ser convocado pola Selección Galega sub 16 para o Campionato de España de Federacións, que terá lugar o 4 e 5 de outubro en La Nucia. O atleta boqueixanés competirá en lanzamento de disco.



O ximnasio municipal do Forte incorpora máis equipos

A temporda 2025-2026 no ximnasio municipal do Forte arrinca con novedades, pois o Concello de Boqueixón vén de incorporar máis equipos para uso e desfrute das persoas usuarias.

A maiores, o Concello traballa tamén noutras melloras nas propias instalacións, habilitando unha sala para pilates e con tatami para a práctica do judo.

As actividades deportivas reúnen a máis de 180 veciños e veciñas

Este mes de outubro darán comezo as actividades físicas e deportivas para persoas adultas, que organiza o Concello de Boqueixón e no que están anotadas un total de 184 persoas. Un curso que se prolongará ata o 30 de xuño do vindeiro ano 2026 e que se desenvolverá de acordo coa táboa de horarios anexas.

A oferta deportiva mantién as actividades tradicionais (pilates -con ata seis grupos-, ximnasia para maiores, bailoterapia e zumba) ás que hai que engadir as novedades chegadas hai xa un par de anos e que repiten debido á súa boa acollida: Circuito saudable para persoas maiores, Cross Funcional, Pilates Terapéutico e Circuit Training. Así mesmo, mantense a novidade incorporada o curso pasado: asesoramento GIM/Funcional.

HORARIO CURSO 2025-2026

HORARIO	LUNS	MARTES	MERCOLES	XOVES	VENRES
10:00		CIRCUITO SAUDABLE MAIORES		CIRCUITO SAUDABLE MAIORES	
10:30		PILATES		PILATES	
11:30		PILATES TERAPÉUTICO I		PILATES TERAPÉUTICO I	
12:15		PILATES TERAPÉUTICO II		PILATES TERAPÉUTICO II	
17:00	ASESORAMIENTO GYM		ASESORAMIENTO GYM		ASESORAMIENTO GYM
17:15		PILATES LEDESMA		PILATES LEDESMA	
17:30	PILATES V		PILATES V		
18:00		CIRCUIT TRAINING		CIRCUIT TRAINING	CIRCUIT TRAINING
18:30	PILATES III	XIMNASIA MAIORES	PILATES III	XIMNASIA MAIORES	BALIOTERAPIA
19:00		ASESORAMIENTO GYM		ASESORAMIENTO GYM	ASESORAMIENTO GYM
19:30	PILATES IV	PILATES VI	PILATES IV	ASESORAMIENTO GYM	PILATES VI
20:15	ZUMBA FORTE		ZUMBA FORTE		
20:30	ASESORAMIENTO GYM	PILATES I	ASESORAMIENTO GYM	PILATES I	
	CROSS FUNCIONAL 21:15	ASESORAMIENTO GYM	CROSS FUNCIONAL 21:15	CROSS FUNCIONAL 21:30	CROSS FUNCIONAL 21:00

Máis información chamando ao Departamento de Deportes, 981 513 061

(en horario de mañá), ou enviando un mail a cultura@boqueixon.es.



Últimas festas do verán en Boqueixón

Gran participación nas festas de Lurdes, Donas, Vigo e Ponte Ledesma para despedir o verán. Parabéns a todas as comisóns de festas polo seu labor. En Lestedo, a

procesión con velas para trasladar a Virxe á capela e a solemne procesión ao Cruceiro congregaron a moitos fieis.

En Santa Eulalia de Vigo homenaxeouse á Virxe da

Saleita e á Virxe dos Dolores. En Ponte Ledesma, a misa na honra da Virxe dos Milagres estivo cantada polo Coro Oural-Ledesma, con sesión vermu da Charanga Os Atrevidos.

E Donas celebrou unha misa na honra á Virxe dos Milagres, con degustación de mexillóns e actuación das Pandereteiras de Codoso, subvencionada polo Concello.

O ciclo “Un mes e Pico” ofrecerá unha visión interdisciplinar do Pico Sacro

O centro de interpretación do Pico Sacro (Cachosanade) acollerá o sábado 18 de outubro unha nova edición do ciclo “Un mes e Pico”, que este ano chega baixo o título “Unha visión interdisciplinar do Pico Sacro”. O evento será inaugurado ás 10:00 horas polo alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, quen dará paso a cinco ponencias e unha mesa final de debate.

As ponencias, de media hora cada unha, comezarán con “O ceo e o Pico Sacro”, de Antonio César González García, doutor en Astrofísica, expresidente da Sociedade Europea de Astronomía e membro da delegación en Galicia do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Ás 11:00 tomará o relevo César Parcero Oubiña, investigador científico no Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT), con “O Pico Sacro como referente visual na paisaxe”.



Avanza o plan de salvagarda do Pico

O centro de interpretación do Pico Sacro acolleu unha reunión para a elaboración participativa da proposta de plan de salvagarda do Monte Ilicino, que formará parte do proceso de incoación do Conxunto Simbólico do Pico Sacro como Ben de Interese Cultural (BIC). Así, distintas asociacións e persoas de Boqueixón participaron no proceso de elaboración deste informe técnico, que vai elaborar Cristina Sánchez-Carretero, investigadora do INCIPIT, e que é un paso precio á declaración do BIC.

Antes da pausa para o café, David Fernández Abeila, arqueólogo e licenciado en Historia pola Universi-

dade de Santiago de Compostela, presentará a súa ponencia “A última vida do Pico Sacro”.

Ás 12:30 horas, Cristina Sánchez-Carretero, antropóloga, ex presidenta da Asociación de Antropoloxía do Estado Español, vice-diretora e investigadora do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC, falará sobre “Como podemos coidar do Pico Sacro? Metodoloxías de salvagarda baseadas no acordo social”. Felipe Criado-Boado, arqueólogo, profesor de investigación do CSIC e director do Instituto de Ciencias do Patrimonio, pechará o ciclo con “A re-significación das montañas sagradas”. Ás 13:30 horas abrirase unha quenda de pregunta e de debate.

A participación é de balde, se ben o número de prazas é limitado polo que é imprescindible inscrición previa. As reservas poden facerse no Departamento de Formación, Emprego e Turismo: boqueixonturismo@gmail.com ou no 981 513 061.



Queiman protagoniza unha nova noite máxica no Pico Sacro

Quen proba, repite. Por segundo ano consecutivo a compañía Queiman e Pousa volveu actuar no Pico Sacro, nesta ocasión cun espectáculo cargado de lume, rock e tradición celta que congregou a centos de persoas no Monte Ilicino.



Andaina pola Ruta dos Pescadores no programa Goza do Ulla

Unha trintena de persoas percorreron a Ruta dos Pescadores, dentro do programa “Goza do Ulla”. Un programa marcado pola climatoloxía, tanto pola choiva caída durante a xornada como en datas previas, que mesmo obligaron a modificar e acortar o traxecto.

Rodeiro suma as funcións de deputado provincial ás responsabilidades como alcalde

“Agardo que este nomeamento poida resultar proveitoso en forma de novas inversións para Boqueixón, que seguirá sendo a miña responsabilidade principal”, apunta o alcalde

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, vén de tomar posesión como deputado provincial polo PPdeG na última sesión plenaria da Deputación da Coruña. Rodeiro recibiu o nomeamento da man do presidente provincial, Valentín González Formoso, e apuntou que “agardo que este nomeamento poida resultar proveitoso en forma de novas inversións para Boqueixón, que é e seguirá sendo a miña responsabilidade principal”. De feito, Rodeiro Tato sinala que esta nova responsabilidade é “igual ca moitos outros alcaldes, que compatibilizamos a defensa dos nosos municipios na Deputación co noso traballo principal, que sempre será o Concello”.



O presidente da Deputación felicita ao alcalde de Boqueixón na súa toma de posesión como deputado provincial

AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Venres
3

Festas de Sergude

Festividade de San Breixo. Ás 13:00 h. misa cantada polo Coro Parroquial. Orquesta Trébol e Disco Móvil Chocolate.

Sábado
4

Festas de Sergude

Festividade de San Miguel. Ás 13:15 h. misa solemne cantada polo Coro Parroquial, procesión e sesión vermu coa Charanga Big Band. Verbena co Grupo Elite e a Charanga Big Band.

Domingo
5

Festas de Sergude

Festividade da Virxen do Rosario. A partir das 12:30 horas, no campo da festa, a Food Truck Galicia sabe a mar, con degustación gratuita de petiscos elaborados con produtos do mar. Ás 13:15 h, misa cantada polo coro parroquial, procesión e sesión vermu con Pena do Corvo de Codeso.

Domingo
5

Galicia sabe a mar

De 9:30 a 11:30 h. Feira de Lestedo. Food Truck Galicia sabe a mar, con degustación gratuita de petiscos elaborados con produtos do mar.

Venres
10

Ponlle música 2025

Fin do prazo de presentación de solicitudes das axudas habilitadas polo Concello para entidades e grupos de música tradicional do municipio.

Sábado
18

Ciclo “Un mes e Pico”

De 10:00 a 13:30 h. Centro de Interpretación do Pico Sacro. “Unha visión interdisciplinar do Pico Sacro”. Participan: Antonio César González García, César Parcerio Oubiña, David Fernández Abella, Cristina Sánchez-Carretero e Felipe Criado-Boado. Inscrípciones: boqueixonturismo@gmail.com

Sábado
8

...e en novembro

VII Xornada de Prevención en Violencia contra a muller

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:00 horas. Música en directo, charla testemuño sobre a violencia obstétrica e función de teatro “Golpes”, que relata a historia dunha moza que sufrío violencia de xénero. Máis información, proximamente en: www.boqueixon.gal.

Domingo
9

Teatro: Club de maiores de Boqueixón. “Criaturas”

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:30 horas. Entrada libre. Ciclo de teatro “BocAberta”

Máis información e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 106
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.es

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com